

Castelao 4. Atila
Inacio Vilariño • Iván Suárez

EDITOR: Manel Cráneo
REVISIÓN DE TEXTOS: Henrique Torreiro
DESEÑO E MAQUETACIÓN: Demo Editorial
IMPRESIÓN: Lugami
PRODUCIÓN AUDIOVISUAL: Demo Editorial
Tráiler: youtube.com/demoeditorial

© Polo guión, Inacio Vilariño, 2015
© Polos debuxos, Iván Suárez, 2015
© Pola presente edición, Demo Editorial, 2015

Primeira edición: maio de 2015

DEMO EDITORIAL
Rúa Gramela nº23- Baixo B
15010 A Coruña (Galicia/Spain)
demoeditorial.blogspot.com
demo.editorial@gmail.com

Este álbum está producido en colaboración con Komic Librería e Limpiezas Salgado.

KOMIC LIBRERÍA
Rúa de San Pedro de Mezonzo, 34
15701 Santiago de Compostela (Galicia/Spain)
www.komic.es
Tel. 981 593 280

LIMPIEZAS SALGADO
Rúa de Fernando III o Santo, 41,
15701 Santiago de Compostela
www.salgadolimpiezas.com
Tel. 981 59 90 89

ISBN: 978-84-943403-4-5
Depósito legal: C 700-2015

Ningunha parte deste libro pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por sistema mecánico ou electrónico ningún sen previa autorización do editor, salvo no caso de extractos para uso informativo en medios de comunicación.

Castelao


ATILA

INACIO / IVÁN SUÁREZ

KOMIC LIBRERÍA

deMo editorial

NAS ELECCIÓNS DE FEBREIRO DE 1936 AO PARLAMENTO DA II REPÚBLICA, CASTELAO FORA ELIXIDO DEPUTADO POLO FRENTE POPULAR, RAZÓN POLA QUE, AO PRODUCIRSE EN XULLO O ALZAMENTO MILITAR DO XENERAL FRANCO, ESTÁ EN MADRID, OCUPADO EN PRESENTAR ÁS CORTES O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA. A PARTIR DE AÍ, E NO TRANSCURSO DA COÑECIDA COMO GUERRA CIVIL, CASTELAO ACOMPAÑARÁ O GOBERNO DA REPÚBLICA NAS SÚAS SEGUINTES LOCALIZACIÓNS NA RETAGARDA: PRIMEIRO VALENCIA, E, A PRINCIPIOS DE 1938, BARCELONA.




SÁBADO 8 DE XANEIRO DE 1938, BARCELONA, BARRIO DE GRÀCIA
UN MOMENTO, MAXESTADE. COMO TEÑO DEREITO A UNHA RECOMPENSA...
... PIDO O PERDÓN PARA ESTES DESGRACIADOS...
... POIS XA BASTANTE CASTIGO TEÑEN ELES CON SER COVARDES, EMBUSTEIROS E LADRÓNS, E ADEMAIS A VERGOÑA DE VERSE DESCUBERTOS.
EU CREO QUE BASTARÍA CON QUE OS EXPULSASE DA VILA.
PARTIT OBRER D'UNIFICACIÓ MARXISTA
POIS ASÍ SERÁ.
MARCHADE! E QUE NON SE VOS VOLVA VER MÁIS POR AQUÍ.
GUAU, GUAU!
FÓRA, FÓRA!


AGORA, VALEROSO PIPO, QUERO PREMIARTE COMO MERECES. SE O DESEXAS, AGASÁLLOCHE CON TODO CANTO TIÑA DESTINADO PARA OS TRES COVARDES.
NON, MAXESTADE, EU NON QUERO NADA; NIN OURO, NIN PEDRERÍAS, NIN VACAS, NIN PASES DE CINE...
EU NON FAGO NADA POLO INTERESE; SOAMENTE O FAGO POR CUMPRIR CO MEU DEBER DE HEROE E PARA QUE ESTES RAPACES SE DELEITEN COAS MIÑAS AVENTURAS.
TODOS OS PERIGOS A QUE ME ENFRONTEI, TODAS AS FATIGAS QUE ME CUSTOU LIBERAR O GATIÑO PELOEMEDIO DO OGRO DON TRAGÓN...
... DOUNOS POR BEN EMPREGADOS ANTE ESE SORRISO TAN LINDO QUE LLE FLORECEU NOS BEIZOS Á PRINCESA PERLIÑA.
ES NOBRE, ABNEGADO, DESINTERESADO, XENEROSO E GALANTE COMO UN VERDADEIRO HEROE.



* ESTES DIÁLOGOS DOS MONICREQUES FORON EXTRAÍDOS DA OBRA DE TEATRO PARA TÍTERES DE SALVADOR BARTOLOZZI 'AVENTURAS DE PIPO Y PIPA: EN BUSCA DEL GATO PELOVMEDIO'. A TRADUCIÓN É NOSA.


QUE, GUSTOUVOS?
É LINDÍSIMO! EU PASEINO MELLOR QUE OS CATIVOS. MOITO BERRABAN!
SI, ÁS VECES DE MÁIS! HE, HE!... MOITO LLES OFENDE AOS RAPACES A INXUSTIZA.
DEBERIAMOS NON PERDER NUNCA ESA CAPACIDADE DE INDIGNARNOS!
MAIS QUE PASOU, VIRXINIA?!
NADA, NADA... DESFRUTEI MOITO... PERO AGORA, VENDO RIR OS RAPACES, LEMBREIME DO NOSO CHUCHIÑO.
HABÍALLE GUSTAR TANTO O VOSO ESPECTÁCULO!
CANDO VIÑAN OS TÍTERES A PONTEVEDRA NON QUERÍA PERDELOS NUNCA.
O NOSO FILLO MORREU POR ESTAS DATAS DO NADAL.
HAI DEZ ANOS... DUNHA PNEUMONÍA!
ESTABA UN MOZOTE FEITO... TIÑA SÓ CATORCE ANOS!
SALVADOR NUNCA ME DIXO NADA.
A NÓS CUSTOUNOS MOITO SUPERALO. ERA O NOSO ÚNICO FILLO.


SÓ AGORA CONSEGUIMOS FALAR DISTO CUN POUCO DE TRANQUILIDADE.
É NO SEU ANIVERSARIO CANDO MÁIS NOS ACORDA!
DESCULPÁDEME, VOU POR UNHA XERRA DE AUGA!
AH, GRAZAS, CON TANTO BERRAR, SECÓUSENOS A BOCA. HE, HE!
LICHES? SON AS INSTRUCIÓNS EN CASO DE TER QUE GARDARNOS NUN REFUXIO ANTIAÉREO.
ESA LETRA É MOI PEQUENA, E SEN LENTES...
No fumes durante tu permanencia en el refugio
XA, XA, CANDO NON CHE CONVÉN...!
COMO TEÑAMOS QUE PASAR NUN REFUXIO MÁIS DUNHA HORA, NON SEI COMO VAS FACER...
?


SENTÁDEVOS! A SALVADOR AÍNDA LLE QUEDAN ALGUNHAS COUSAS QUE RECOLLER.
A VOSA PEZA DE TÍTERES ESTIVO MOI BEN, MOI BEN!
GRAZAS! A NÓS GÚSTANOS MOITO ACTUAR E SENTIR AS REACCIÓNS DOS RAPACES.
NÓTASEVOS BEN!
A MIN PRODUCIUME UN EFECTO TERAPÉUTICO. É COMA SE SE ME PASASE O MEDO.
POIS ISO FAI MOITA FALTA! OS BOMBARDEOS ITALIANOS ESTÁN SENDO CADA VEZ MÁIS CONTINUADOS E INTENSOS...
ESE FASCISTA DE MUSSOLINI ESTANOS UTILIZANDO COMO COELLOS DE INDIAS PARA PROBAR A POTENCIA DA SÚA AVIACIÓN.
QUEREN ATEMORIZARNOS! BOMBARDEAN A POBOACIÓN CIVIL. MATAN NENOS, MULLERES, VELLOS...
ONTE MESMO NA BARCELONETA BOMBARDEARON UNHA ESCOLA E MORRERON VARIOS NENOS. USAN BOMBAS INCENDIARIAS!
O QUE NON SE ENTENDE É COMO A CONCIENCIA UNIVERSAL NON PROTESTA CONTRA SEMELLANTES ASASINATOS, QUE NON TEÑEN MÁIS OBXECTIVO QUE O DE MATAREN POR MATAREN!